CONCELLO DE CEDEIRA *(A CORUÑA)*
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06 C.I.F.: P-1502200-G

ACORDOS DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA VINTETRÉS DE NOVEMBRO DE 2016.

20.- ASUNTOS VARIOS

20.1.- CONTRATACIÓN DA OBRA "CONSERVACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CEDEIRA"

Acordos adoptados:

1.- Aprobar a memoria valorada da obra "Conservación de camiños municipais en Cedeira" redactado por D. J.J.T.G. en setembro de 2016, cun orzamento base de licitación de 20.933,34 euros e 4.396,00 euros de IVE (25.329,34 € IVE incluido).

2.- Aprobar o gasto e adxudicar á empresa JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES , S.A. a execución da obra "Conservación de camiños municipais en Cedeira" mediante un contrato menor, condicionada á obtención das autorizacións sectoriais (Axencia Galega de Infraestruras da CMATI e Deputación Provincial) con carácter previo ao seu inicio; e coas seguintes condicións:

Importe de adxudicación: 13.606,67€ e 2.857,40€ de IVE (total IVE incluído: 16.464,07 €)

Prazo de execución: tres semanas contadas a partir da formalización da acta de comprobación de replanteo.

3.- Adoptaranse as seguintes medidas en canto á seguridade e saúde laboral , así como no relativo á dirección das obras:
SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

O *contratista está abrigado a cumprir todas e cada unha das normas de Seguridade noTraballo actualmente vixentes, así como as que se promulguen no transcurso das obras, e todas aquetas que a asistencia técnica para a Verificación Técnica das Obras, considere oportuno esixir en cada caso. Sen que por isto teña dereito a reclamación económica de ningunha especie, xa que o orzamento inclúe a valoración correspondente a estes conceptos:*

- *Delimitación e valado da zona de traballo, sinalización provisional para as distintas fases, así como a vixilancia permanente das obras estarán incluídas en en os gastos xerais da obra.*

Ao tratarse dunha obra sen proxecto, realizaranse unha serie de documentos previos á execución que sirvan para controlar de forma eficaz e axustada a norma de seguridade e saúde nas obras e que serán elaborados polo contratista, directamente polo Servizo de Protección ou por outros medios:

1. Avaliación de riscos específicos para as obras
2. A organización e planificación da actividade preventiva

Os devanditos documentos serán revisados pala asistencia técnica para a Verificación Técnica das Obras.

DIRECCIÓN FACULTATIVA:

Ao tratarse dunha obra sen proxecto, non consta norma especifica que requira Dirección Facultativa, polo que se establece a necesidade dunha Verificación Técnica das Obras, para o cal se nomeará a técnico competente na materia, no presente contrato proponse a D. J.J.T.G. (ATIGA INGENIERÍA, S.L.), coas seguintes funcións:

- *Reformulo da obra*
- *Seguemento da execución material das obras*
- *Certificaciónsdas obras*
- *Recepción das obras*

4.- Formalizar a comprobación de replanteo no prazo máximo dun mes desde a recepción da notificación do presente acordo.

5.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria.

6.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.